



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A CONFEDERACIÓN GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE (COGAMI), PARA O DESENVOLVEMENTO DUN SERVIZO TRANSDISCIPLINAR DE APOIO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE NA CONSECUCIÓN DOS SEUS PROXECTOS DE VIDA NA COMUNIDADE NO EXERCICIO 2025 (Tramitación anticipada)**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

**DECLARA:**

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as establecer polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (en adiante COGAMI), para o desenvolvemento dun programa para a posta en marcha dun servizo transdisciplinar de apoio para persoas con discapacidade na consecución dos seus proxectos de vida na comunidade

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

Tendo en conta os obxectivos coincidentes, ambas partes veñen poñendo en común os seus esforzos a través de convenios de colaboración para a realización de actividades de promoción da autonomía persoal e inclusión social, nos termos previsto no capítulo VI da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. Esta técnica de cooperación considérase especialmente eficiente para a xestión dos recursos públicos dende a perspectiva do seu aproveitamento racional, a busca de sinerxias e a coordinación de esforzos entre as partes.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela

